



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Salda Nº. 201000026297
23/11/10 09:49:46

De seguido infórmolle dos acordos da sesión ordinaria do Consello de Goberno que tivo lugar, o luns día 22 de novembro de 2010, na sala de xuntas da Reitoría, e que poden ser do seu interese:

- * Aprobación dos seguintes programas de doutoramento: “Arte contemporánea: creación e investigación”, “Integración económica rexional e políticas comunitarias”, “Oceanografía”, “Biotecnoloxía Avanzada” (interuniversitario Universidade de Vigo-Universidade da Coruña); “Biodiversidade e Ecosistemas”.
- * Aprobación da proposta de modificación do plano de estudos de grao en Enxeñaría Informática.
- * Creación de prazas dos corpos docentes universitarios.
- * Aprobación da normativa de cambio de área de coñecemento.
- * Aprobación da convocatoria extraordinaria do Plan especial de Promoción 2010.
- * Desestimación do recurso presentado polo profesor D. José Antonio González Taboada relativo á denegación da súa solicitude como profesor emérito.
- * Aprobación do procedemento de solicitude de recoñecemento de créditos de libre elección por cursos, seminarios y actividades académicas.
- * Aprobación da conveniencia de proceder á reforma do Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno e a apertura dun prazo de presentación de emendas e suxestións ao texto presentado.
- * Desestimación do recurso de alzada de D. José María Chamorro Rivas e seis profesores máis, contra o acordo da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) do 19 de maio de 2010, en relación coa praza de Profesor Titular no Departamento de Economía Aplicada que saíu a concurso polo Programa Especial de Promoción de 2007.
- * Estimación do recurso presentado por Dña. Montserrat Vázquez Gestal contra o acordo de asignación de docencia do Consello de Departamento do Departamento de Dereito Público Especial e Comunicación Audiovisual de data 27/04/2010.
- * Delegación na Comisión Electoral da modificación do “Regulamento para a elección de membros dos consellos de campus”.
- * Aprobación dos seguintes convenios: Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Santiago de Cali (Colombia) para o intercambio de estudantes; Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Santiago de Cali; Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a University Mohamed Khider Biskra (Algeria); Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a University Mohamed Khider Biskra (Algeria) para o intercambio de estudantes.

Vigo, 23 de novembro de 2010

A secretaria xeral



M^{ra} Inmaculada Valeije Álvarez